FASE 1 : 2020

#apertura #límite #namentres #baixo_custo #urbanismo_táctico

O enfoque do proxecto inclúe unha dobre perspectiva, incluindo transformacións básicas (físicas e xurídicas) que sexan xerme do proceso de cambio da área portuaria, cunha visión que recoñece a multiplicidade de escenarios posibles futuros, e incluso contradictorios.

DEBATE PENDENTE

intervencións de custe "cero"

intervencións de baixo custo

gobernanza

transformacións

1

finalización do peirao do Centenario **1984**
finalización do peirao de Transatlánticos **1991**
inicio da actividade de cruceiros
finalización da dársena de Oza **1995**
traslado de barcos de pesca da Marina
peche do recinto portuario **2004**
aplicación do PBIP
convenio urbanístico para a reordenación dos terreos do porto interior, **2004**
financiamento do porto exterior, entre Concello, Xunta e Estado
recoñecemento da non idoneidade do porto exterior **2010**
para tráfico de contedores
inicio de actividade no porto exterior **2012**
finalización de autovía de acceso ao porto exterior **2016**
manifestación cidadá en contra da especulación dos terreos do porto **2017**
concurso público de ideas para a transformación do porto **2018**
acordo Concello - Autoridade Portuaria sobre o borde porto - cidade **2019**
para acometer pequenos melloras: abrir certos espazos
inicio do proceso de formación do foro
anulación de convenio urbanístico de 2004
fin da concesión das últimas actividades nos peiraos de Calvo Sotelo e Batería
apertura parcial do peirao de Transatlánticos **2020**
apertura temporal da lonxa e o aparcadoiro
uso temporal das naves de Calvo Sotelo e aloxamento do foro
eliminación do aparcadoiro no istmo do castelo de S. Antón
apertura visual do muro da Solana
deseño dun proceso participativo amplo sobre o modelo de transformación dos terreos do porto interior
aumento de beirarrúas
mellora de conectividade Palloza - Linares Rivas
uso público temporal das naves de Calvo Sotelo **2021**
intervencións na auga
aperturas do muro
eliminación de carís
finalización de pequenos intervencións

Intervencións puntuais
Apertura do muro do Porto
Visibilidade de novas áreas
Prohíbese o acceso rodado e o aparcamento

PREMISAS DO PROXECTO

- O mantemento da **actividade portuaria**.

- A introdución progresiva das **actividades cidadáns** nos terreos portuarios.

- As **implicacións para a participación** cidadá.

- **Temporización das accións formuladas** da condición procesual dunha operación de transformación urbana desta escala.

- A combinación da **lectura transversal** (a escala de barrio) **e lonxitudinal** (escala da área metropolitana.

- A funcionalidade social e medioambiental do **borde costeiro como interconexión da rede de espazos libres** da área metropolitana.

- A aposta da pola **titularidade pública** da totalidade dos actuais terreos portuarios.

ESTRUTURA DO PROXECTO

A proposta está formulada en tres fases determinadas segundo o grado de coñecemento do variable contexto do proxecto. Formúlase unha estratexia de longo percorrido, permitindo unha continua avaliación dos cambios e facilitando a adaptación

FASE 1 :2020

As transformacións inmediatas, de baixo custo e provisionais, que achegan porto e cidade, auga e persoas. Realizanse aperturas puntuais, ocupación temporal de espazos en momentos sen actividade. Inicio do Foro Cidadán, membro do desenvolvemento participado da transformación urbanística do porto.

FASE 2 :2030

Apertura aos usos públicos e ás novas formas de mobilidade. Liberación de ámbitos para o uso cidadán. Posta en marcha da plataforma de peches de ciclos no proceso de transformación do porto. Comezo do proceso de biorremediación dos terreos liberados do uso petroleiro, abríndose ao uso público como *terrain vague*.

FASE 3 :2050

O futuro incerto, pero público e con actividade portuaria. Mellora e modernización dos espazos portuarios do sector pesqueiro. Consolidación de actividades loxísticas e comerciais.
Ampliación e interconexión da rede de espazos verdes e recuperación do leito do río Monelos.
Novos desenvolvementos urbanísticos con usos mixtos.



USOS

PEIRAO DE TRANSATLANTICOS

Apertura do peirao de transatlánticos nas datas e horas que non sexa precisa a restricción de uso. Desprazamento do existente valado metálico permeable para comunicar as zonas da Mariña con Batería e Calvo Sotelo

PEIRAO DE BATERIA

Pequeno equipamento para o baño xunto ao Peirao de Batería materializado cunhas plataformas flotantes con diferentes áreas de baño e instalacións recreativas e estanciais (zona de baño e lecer)

O emprego de pantaláns e estructuras flotantes como plataformas de lecer permite configurar espazos para diversas actividades na auga. O baño, escolas de natación e buceo, amarre de embarcacións de lecer, exposicións, degustación, presentacións ou charlas poden realizarse nestes espazos

PROCESO DE CREACION DO FORO

metodoloxía do proceso participativo

PEIRAOS DE BATERIA E CALVO SOTELO

Acondicionamento para usos públicos temporais das naves de Batería e Calvo Sotelo mentras se deseña e desenvolve a urbanización da zona.

A nave na punta do peirao será o espazo de referencia para a xestión e a participación pública, lugar aberto de creación e investigación sobre o proceso de transformación. O resto de naves serán acondicionadas como pistas deportivas cubertas.

LONXA

Unha vez eliminado o tráfico de camións ata Calvo Sotelo, recupérase un tramo de vial interior do porto. Identificanse outras seis áreas de apertura temporal compatible coa reducida actividade na Lonxa as tardes e fins de semana, as zonas de aparcadoiro, de manobras, e as de descarga, para abrilas á cidadanía ou acoller actividades. Delimítase o ámbito aberto para evitar o paso ao peirao da Palloza.